

TERRITÓRIO  
arousa norte

# ROTEIRO NÁUTICO



arousa norte



O son das ondas no seu eterno combate contra as rochas é unha melodía para os oídos. A sensación de frescura da brisa acariciando o rostro é un sopro de enerxía para o corpo. O olor dos tesouros das augas do Atlántico queda gravado na memoria coma o perfume que nos representa. Contemplar minuciosamente o mosaico de cores que nos rodea mentres se palpa con delicadeza a area húmida dos areais ofrece sensacións e experiencias únicas, extraordinarias e inmateriais.

A costa de Arousa Norte, modelada durante milleiros de anos, deu lugar a numerosas calas e praias; pequenos cantís e zonas rochosas que separan os areais e constitúen o hábitat de numerosos animais mariños.

A auga, en calma ou brava, custodiada durante séculos polos habitantes de pobos e aldeas que como mariñeiros, mariscadores ou fareiros atoparon o sentido da existencia, é fonte de vida e futuro.

Percorrer a costa e o mar de Arousa Norte é unha experiencia única. Somerxerse na profundidade das augas do Atlántico, surfear as ondas do mar aberto, gozar das praias do fondo da

ría ou visitar lugares sublimes son opcións moi atractivas e recomendables.

Deixa a túa pegada na area, déixate mecer polas ondas, avista os tesouros das profundidades e encontra o teu ser!



## 1. Praia de Tanxil

Esta praia é unha das máis coñecidas de Rianxo e ademais unha das preferidas por rianxeiros e rianxeiras. Numerosas familias optan por este areal debido a súa seguridade, posto que nel os nenos poden xogar e bañarse na auga sen risco. Persoas maiores, familias completas e adolescentes acoden a esta praia durante todo o verán. Tanxil conta cun aparcadoiro e dous bares e restaurantes.

 42°38'41.9"N 8°48'49.0"W



## 2. Trece Cruces – Desembocadura do Río Ulla

Neste punto as augas do río Ulla amánsanse e a auga doce mestúrase coa salgada do mar. Este lugar ofrece unha paisaxe perfecta para pasear e descubrir os seus recunchos. A zona está considerada como ZEC (Zona de Especial Conservación) e, en pouco tempo, converterase en ZECA (Zona de Especial Protección para as Aves).

📍 42°39'03.2"N 8°44'48.9"W



## 3. Praia do Porrón

Situada no Concello de Rianxo, esta praia caracterízase por posuír un areal

resgardado e inmenso, de máis de 400 metros de lonxitude. Unha paraxe descoñecida para moitos e enmarcada nunha contorna moi agradable que se revela ideal para todos aqueles que buscan tranquilidade e descanso. Moi preto deste areal éríxese a Punta do Castro, que alberga un antigo emprazamento castrexo.

📍 42°38'18.2"N 8°48'03.2"W



## 4. Praia da Redonda – Illa do Ostral

A praia da Redonda é un pequeno areal emprazado no municipio de Boiro, xusto a continuación da praia de Mañóns. Caracterízase por ser un enclave moi tranquilo que se sitúa xusto fronte á pequena illa do Ostral, unha paraxe case virxe, practicamente descoñecida. A esta illa, que conta cunha fauna autóctona moi diversa, é case imposible acceder cando a marea está alta. Trátase, sen dúbida, dun dos exemplos máis significativos da riqueza paisaxística e natural de Arousa Norte.

📍 42°37'30.9"N 8°50'26.7"W



## 5. Illa da Bensa

Esta pequena illa, visible dende calquera punto da praia de Carragueiros, formouse hai relativamente poucos miles de anos, cun aumento do nivel do mar. Ao seu redor, atópanse numerosas rochas somerxidas que son fogar de infinidade de animais mariños. É moi doado atopar alí pequenos ourizos, pateiros e pequenos peixes.

📍 42°36'13.5"N 8°52'26.1"W



## 6. Enseada de Boiro

A enseada de Boiro é a de maior tamaño de Arousa Norte. Ademais, ao situarse protexida por Cabo de Cruz e ao localizarse no interior da ría, cons-

titúe un lugar excepcional para a cría e cultivo de moluscos e bivalvos mariños. Deste xeito, no lugar localízanse numerosas bateas de mexillón.

📍 42°37'30.0"N 8°53'49.7"W



## 7. Praias de Cabío: A Illa, Lombaña e A Barca

Son areas resgardados, de ámbito familiar, con area fina e augas de calidade. Están rodeadas por un sendeiro de dous quilómetros que chega a Pedra da Moura, unha contorna natural onde poderás divisar o tránsito dos barcos e as bateas da ría.

📍 42°35'10"N 8° 55'53"W



## 8. A Illa

A pequena illa conserva os restos dunha torre de vixilancia marítima para a prevención dos frecuentes ataques de piratas que tiña a costa entre os séculos IX e XVIII. Os esquecidos piratas eran normandos, almorábides, berberiscos e ingleses. O seu areal é tranquilo e é unha praia perfecta para a práctica do submarinismo.

📍 *42° 35'4"N 8° 56'9"W*



## 9. Praia do Areal

É unha praia urbana e amigable. Emprázase ao sur do porto deportivo e ao

carón do paseo marítimo que chega ao sendeiro da zona húmida das Xunqueiras.

📍 *42°36'5"N 8° 56'8"W*



## 10. Punta de Cabío

Dende este pequeno saliente de terra no mar é posible atracar sen dificultade e somerxerse para nadar con pequenos bancos de peixe.

📍 *42°35'12.8"N 8°55'07.0"W*



## 11. Illa de Rúa

Esta pequena illa de pedra granítica está situada no centro da ría de Arousa. Na inmersión ao longo dos seus arredores pódense ver facilmente pequenas grutas e covas que se converten en auténticos redutos para raias, polbos, chopos e nécoras.

📍  $42^{\circ}32'57.8''N$   $8^{\circ}56'12.0''W$



## 12. Cargueiro Aries

O cargueiro Aries, de 392 toneladas e 47 metros de eslora, realizaba unha liña regular entre varios portos de Galicia e Marrocos. O día 7 de decembro de 1977, debido á adversidade do vento e a forte ondada, colisionou e fundiuse no fondo da ría, preto da illa de Rúa.

📍  $42^{\circ}33'15.4''N$   $8^{\circ}57'04.3''W$



## 13. O Camouco

O Camouco é o nome que recibe esta baliza verde que caracteriza o lugar, localizada a medio camiño entre a illa de Rúa e a de Coroso. Na súa parede rochosa, que se atopa mergullada, habitan numerosos animais mariños. Ao longo dos seus 20 metros de profundidade, descóbrense todo un mosaico de cores. Ademais, no fondo pódense avistar sen ningunha dificultade nécoras e polbos.

📍  $42^{\circ}33'30.9''N$   $8^{\circ}58'08.2''W$





## 14. Illa de Sálvora – Punta Besugueiros

Forma parte do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. Esta zona representa a parte máis agreste onde se atopan os cantís atlánticos da illa. Conta con lugares mariños de beleza e características irrepitibles.

📍 42°27'45.2"N 9°01'04.8"W



## 15. Illa de Sálvora – Laxes de Brisán

A diferenza entre este punto de inmersión e o de Punta Besugueiros

vén dada polas pequenas enseadas rochosas desta parte da illa, na que os seus fondos oceánicos están construídos por miúdas paredes e zonas de area e cascallos. Nelas viven a maior parte dos corais e animais mariños: esponxas de mar, corais multicolores e infinidade de peixes e outras especies.

📍 42°28'04.7"N 8°59'45.6"W

\*As inmersións na contorna do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia deben contar coa correspondente autorización. Máis información en [www.iatlanticas.es](http://www.iatlanticas.es)



**arousa norte**

[www.arousa-norte.es](http://www.arousa-norte.es)



Deputación  
DA CORUÑA

